

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEAREAS E A ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL DE ANGOARES

REUNIDOS

Dunha parte, dona MARÍA CRISTINA FERNÁNDEZ DAVILA, co DNI 36082682Y, alcaldesa do CONCELLO DE PONTEAREAS (en diante "O CONCELLO").

Doutra parte, dona ÁNGEL FÉLIX QUIXANO MEDÍN, co DNI 32620175B , en calidade de presidente da Asociación de Veciños de Angoares, que xestiona o CENTRO CULTURAL DE ANGOARES (en diante "O CENTRO CULTURAL"), con CIF G36322881, e domicilio en Abelleira, 4, Angoares - Ponteareas, que actúa en nome e representación legal desta e facultada na acta do día 10 de xaneiro de 2020.

Recoñécense mutuamente capacidade legal para a representatividade das devanditas institucións e asinan o presente convenio, para o que

MANIFESTAN

1. Que o CENTRO CULTURAL DE ANGOARES realiza actividades de carácter cultural para dinamizar a vida cultural e social da parroquia.
2. Que o CONCELLO está interesado en que se realicen estas actividades do CENTRO CULTURAL por mor dos beneficios, principalmente culturais, sociais e de dinamización para a poboación da parroquia e contribuír a que esta entidade acade os obxectivos que lles son propios de fomentar, impulsar e apoiar as actividades culturais que estes desenvolven dentro do seu ámbito de actuación.

3. Que o CONCELLO está disposto a colaborar no financiamento dos gastos do CENTRO CULTURAL e a colaborar activamente coa citada entidade no cumprimento dos fins que lle son propios, polo que entende oportuna a subscripción do presente CONVENIO DE COLABORACIÓN, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O CONCELLO, en apoio do funcionamento do CENTRO CULTURAL, e de **xeito excepcional**, contribuirá ao seu mantemento e funcionamento durante o ano 2021 cunha achega **que, en ningún caso, superará os 2.500 € euros nin o 80% das facturas presentadas para a xustificación.**

Logo de ver memoria de gastos, o orzamento presentado polo Centro Cultural e a dispoñible orzamentaria de 25,000€ en cada liña de subvención, concédese o seguinte importe para este convenio.

Liña A: para gastos correntes de subministración ascende a 1.802,78 €. Para recibir esta axuda, débese xustificar debidamente o orzamento de gastos presentado. En caso de que o importe xustificado sexa inferior ao orzamento presentado, este importe reducirase ata o 80% da contía debidamente xustificada.

Liña B: para gastos de investimento ascende a 151,20 €. Para recibir esta axuda, débese xustificar debidamente o orzamento de gastos presentado. En caso de que o importe xustificado sexa inferior ao orzamento presentado, este importe reducirase ata o 80% da contía debidamente xustificada.

A suma do importe concedido polas dúas liñas é de 1953,98 €.

Como regra xeral, considéranse gastos subvencionábeis aqueles que garden unha relación directa coa natureza dos conceptos subvencionábeis que se realicen dende o 7 de novembro de 2020 e ata a data límite que será o **15 de outubro de 2021 (incluído).**

Gastos correntes de subministracións e mantemento

- Aqueles investimentos que non se correspondan cun proxecto de actividade de carácter cultural, que terá que ser detallado na memoria
- A adquisición ou construción de novos locais
- A adquisición de vehículos de transporte.
- Os equipamentos e mobiliarios destinados á cafetería e/ou cantina.
- Os investimentos en material e equipamento deportivo e de tempo libre
- Os investimentos en patrimonio arquitectónico
- Os xuros debedores das contas bancarias, cargos e sancións administrativas e penais, os gastos de procedementos xudiciais e as nóminas.
- Os gastos non incluídos no apartado anterior de gastos subvencionábeis.

SEGUNDA. En calidade do seu representante, o CONCELLO designará un interlocutor/a para o seguimento da execución do presente convenio.

TERCEIRA. O pago da achega económica que o Concello compromete a través do presente convenio farase efectivo na c/c número **ES85 2080 5435 5230 4013 6281**, logo da presentación por parte do CENTRO CULTURAL dunha **memoria económica xustificativa** dos gastos devindicados na execución do obxecto do presente convenio, acompañados dos xustificantes correspondentes de pagamento do prazo establecido na base 1, así como a declaración doutras axudas para a mesma finalidade.

Así mesmo, o Concello incorporaralle á memoria económica xustificativa do CENTRO CULTURAL, un informe emitido polo responsábel municipal de seguimento do convenio, designado conforme á cláusula anterior, acreditativo do cumprimento do seu obxecto.

A data límite para presentar a conta xustificativa é o **15/10/2021**. Tras a súa comprobación, será ingresado polo Concello de Ponteareas na conta indicada, sempre e cando a xustificación estea completa e correcta.

Esta subvención ao CENTRO CULTURAL será compatíbel con calquera outra subvención ou axuda para as mesmas finalidades procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou

- Gastos de alugamento de materiais e equipamentos para o desenvolvemento de actividades culturais programadas
- Adquisición de material non inventariábel, relacionado directamente co desenvolvemento da actividade cultural e atendendo ás limitacións establecidas neste mesmo apartado, na categoría de gastos non subvencionábeis.
- Subministracións (gas, electricidade, telefonía, combustíbeis)
- Pequenas reparacións asociadas ao mantemento das instalacións que non sexan consideradas obra civil.
- Prestación de servizos culturais e actuacións
- Gastos de publicidade nos diversos medios
- Gastos de deseño, maquetaxe e impresións para a realización de actividades culturais.
- O IVE

En ningún caso serán subvencionábeis:

- As cantidades satisfeitas ao Concello de Ponteareas polo uso das instalacións, nin os tributos, taxas e prezos públicos satisfeitos a esta entidade
- Os xuros debedores das contas bancarias, cargos e sancións administrativas e penais; os gastos de procedementos xudiciais e as nóminas.
- Os gastos non incluídos no apartado anterior de gastos subvencionábeis.

Gastos de investimento en material inventariábel e inmovilizado fixo:

- Gastos en equipamento e mobiliario
- Compra de equipamento tecnolóxico e artístico vinculado ao desenvolvemento da programación das actividades culturais das entidades
- Instalacións técnicas menores (sempre que para a súa realización non precisen licenza de obra menor ou maior)
- O IVE

Non serán subvencionábeis:

de organismos internacionais. o CENTRO CULTURAL deberá acreditar se existen ou non axudas ou ingresos que financien a mesma actividade e, en caso de existir, acreditará a insuficiencia destes para facer fronte á totalidade do orzamento da actividade.

O CENTRO CULTURAL ten que presentar os seguintes documentos:

- Os certificados de estar ao corrente de pagos coas obrigas ante a Facenda estatal, a Facenda autonómica, a Seguridade Social e ante o Concello ou, de non presentar estes certificados, achegar unha autorización asinada pola persoa representante para que o Concello o poida comprobar de oficio data límite 15/10/2021).
- Facer mención da participación e patrocinio do Concello en calquera actuación de comunicación, publicidade, propaganda etc. que se realicen para o desenvolvemento das actuacións deste convenio.
- Promover o uso do galego no marco da Lei de normalización lingüística de Galicia en todas as actividades de comunicación e publicidade.
- Realizar as campañas sen contradicir o Plan de Igualdade Municipal.

CUARTA. A execución do presente convenio farase con cargo **ás aplicacións orzamentarias 33000-7800000, para gastos por investimento, e 33000-480000, para os gastos correntes**, do orzamento municipal para o presente ano 2021.

QUINTA. O CONCELLO resérvase o dereito a fiscalizar o cumprimento por parte do CENTRO CULTURAL das obrigas que lle incumben por acordo co presente convenio, así como a interpretar unilateralmente calquera dúbida que puidese xurdir verbo da súa literalidade.

O CENTRO CULTURAL terá en conta que non se aceptarán xustificantes que non estean relacionados, directa e estreitamente, co obxecto e finalidade deste convenio. Do mesmo xeito, ten a obriga, segundo o artigo 16 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, do reintegro, dos fondos no suposto de incumprir os requisitos.

SEXTA. Publicidade do convenio

Comunicaráselle a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións para cumprir co que dispoñen os artigos 18 e 20.8 da LXS.

O CONCELLO publicará o texto íntegro do convenio no portal de transparencia, segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e toda aquela información necesaria que contempla a normativa básica en materia de transparencia.

Así mesmo, estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan, no lugar e data indicados *ut supra*.

Asinado electronicamente,

| A alcaldesa do Concello de Ponteareas | O presidente da asociación |
|--|---|
|  María Cristina Fernández Davila |  Ángel Félix Quixano Medín |